

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/08	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de marzo de 2022
Duración	Dende as 13:12 ata as 13:50 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	María Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 10.03.2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 10

de marzo de 2022.

Expediente 118/2021. Contratacións. “CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de inicio da contratación do presente servizo de data 16/04/2021.

En data 21/04/2021 por acordo do Pleno da Corporación apróbase o inicio do expediente de contratación por procedemento aberto, e regulación harmonizada.

Constando no expediente o estudo de viabilidade do servizo de data 20/09/2021, elaborado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento de contratación e de prescricións técnicas.

Constando no expediente informe de secretaría nº 82/2021 de 20 de outubro, e informe de intervención nº 65 de data 20/10/2021 no que se establece que se tramitará anticipadamente o gasto.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto nos contratos de servizos.

Sometido a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, regulación harmonizada e acordada a apertura do procedemento de licitación, no prazo establecido presentáronse as seguintes proposicións que foron aceptadas pola mesa de contratación en sesión celebrada o 14/12/2021:

- URBASER, S.A., con C.I.F. Nº A79524054

- S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., con CIF Nº A81527095 e B36052876 respectivamente.

- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U, con CIF N.º B27154731

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 14/12/2021, correspondente a apertura da documentación contida no sobre B, acordando remitir a mesma ao Enxeñeiro de Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, a fin de que sexa emitido informe coa valoración correspondente.

Vista a acta da Mesa de contratación celebrada o 12/01/2022, na que se da conta do informe de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor, emitido polo Enxeñeiro de

Camiños C e P., redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz, e a acta da Mesa de Contratación, da sesión celebrada en data 13/01/2022, na que se procedeu á apertura das proposicións económicas contidas no sobre C así como a documentación cuantificable de forma automática, que contén o acordo da Mesa de remitir ao técnico a documentación aportada xunto coa oferta económica ao técnico redactor dos pregos de prescricións técnicas e do estudo de viabilidade para a emisión de informe no que deixe constancia que a documentación presentada cumpre o establecido no apartado 12 do anexo I do PCAP.

En data 19 de xaneiro de 2022, reunida a Mesa de novo, dáse conta do informe do técnico Román Gómez Fraiz, de data 17/01/2022, no que da a súa conformidade a documentación aportada polas empresas, e se procede á valoración das proposicións económicas contidas no sobre C así como a documentación cuantificable de forma automática co seguinte resultado:

EMPRESA	Valoración Sobre C				TOTAL
	Prezo ofertado	Melloras			
		Nº 1	Nº2	Nº3	
URBASER, S.A.	34,978	10	7	3	95,978
S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.,	35,00	10	7	3	99,50
SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U	34,995	10	7	3	97,495

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

EMPRESA	Valoración Sobre B	Valoración Sobre C				TOTAL
		Prezo ofertado	Melloras			
			Nº 1	Nº2	Nº3	
URBASER, S.A.	41,00	34,978	10	7	3	95,978
S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.,	44,50	35,00	10	7	3	99,50
SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U	42,50	34,995	10	7	3	97,495

Obtendo a mellor oferta unha puntuación total de 99,50 puntos a mesa de contratación de conformidade co establecido no artigo 157 da LCSP, propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do contrato de servizos denominado "CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLED A", á UTE S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Aceptada polo órgano de contratación a proposta da Mesa e realizado o requirimento de documentación á UTE en cumprimento do disposto no artigo 150 da LCSP, presentada en en data 17/02/2022, e tras o informe emitido pola Secretaría da Corporación e polo técnico redactor dos pregos de prescricións técnicas, reúnese de novo a Mesa de Contratación en data 08/03/2022, rexeitando a oferta presentada pola UTE ao entender que unha das empresas que

a ía a constituír, CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., carece de capacidade de obrar, por non atoparse as prestacións do contrato dentro dos seus fins, obxecto social ou ámbito de actividade, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.

E así o motivaron o interventor municipal e a secretaria do Concello nas súas intervencións que literalmente se transcriben:

Intervención de D. Leopoldo Moure Dopico, interventor do Concello de Silleda, manifestando:

“En relación a si el objeto social de Taboada y Ramos guarda relación con el objeto del contrato hay tres cosas que son indiscutibles.

La primera es que ambas empresas tienen que tener un objeto social relacionado con el objeto del contrato, la solvencia se suma, la capacidad de obrar no.

La segunda es que la interpretación del objeto social debe ser lo más amplia posible.

La tercera es que, por muy amplia que sea la interpretación del objeto social esta amplitud ha de tener un límite cuando el objeto social no guarde relación alguna con el objeto del contrato, lo contrario implicaría vaciar de contenido la norma. No corresponde al aplicador de la norma suprimir por la vía de la interpretación requisitos que el legislador ha decidido mantener.

Leyendo el objeto social de la empresa Taboada y Ramos, vemos:

Construcción de viviendas, locais comerciais, obras públicas e promoción de edificacións, construcións en xeral, conservación e mantemento de obras, edificacións e instalacións de inmobles. Instalacións en xeral de: electricidade, telecomunicacións e instalacións radioléctricas e a adquisición e enaxenación de accións...

Por muy amplia y generosa que sea la interpretación del objeto social me cuesta ver la relación entre todo esto y el contrato de recogida y transporte de residuos. Todo el objeto social de Taboada y Ramos está referido a la construcción, y si hubiera apreciado la existencia de construcción en el contrato en su momento, me habría planteado si estaba ante un contrato mixto de obras y servicios, cosa que no hice.

El informe externo señala aquellos elementos del pliego que considera dentro del objeto social de Taboada y Ramos. Antes de analizar la debilidad de sus argumentos quiero señalar una cuestión. Lo que debe interpretarse en sentido amplio es el objeto social, es decir, debo hacer una interpretación del objeto social tan amplia como sea posible con la finalidad de favorecer la concurrencia. Donde pone construcción debo interpretar construcción en su sentido más amplio, donde pone instalaciones debo interpretar instalaciones en su sentido más amplio.

Pero una cosa es el objeto social y otra el objeto del contrato, y no procede realizar una interpretación del objeto del contrato distinta a la que es, el objeto del contrato es el que es y está definido de forma clara y detallada en el pliego.

El informe del ingeniero no hace una lectura amplia del objeto social de la empresa, la

construcción, si no que pretende hacer una interpretación amplia del pliego, rastreando cualquier cosa que pueda sonar a construcción, lo cual es sustancialmente distinto.

Así, el informe señala:

- El mantenimiento de vehículos y herramientas*
- La obligación de mantenimiento de sus propias instalaciones.*
- La obligación del mantenimiento de los contenedores.*

Actuando con coherencia, imparcialidad y respeto por el conjunto de intereses implicados, por mucha amplitud que le dé a la lectura del objeto social de Taboada y Ramos (construcción) no consigo ver su relación con el objeto del contrato (recogida y transporte de residuos) Hacer una interpretación extensiva del objeto del contrato, intentando ver obra donde no la hay, no es, como decía, el modo de valorar la relación entre objeto del contrato y el objeto social, ya que el objeto social lo puedo, y debo, interpretar en su máxima amplitud, pero el objeto del contrato es el que es.

Por este motivo, y teniendo en cuenta que la administración debe ser coherente y el órgano de contratación no vió obra en el objeto del contrato cuando clasificó el mismo como contrato de servicios, no puedo, por coherencia, votar a favor de que se acepte la capacidad de obrar de Taboada y Ramos.”

Intervención de Dna. Fernanda Montero Parapar, Secretaria do Concello, manifestando:

“Por esta secretaría revisouse a documentación presentada polas empresas que conforman a UTE co fin de comprobar que cumpría os requisitos esixidos para proceder a adxudicación do contrato. Ao existir dúbidas sobre a capacidade de obrar da empresa Construcciones Taboada y Ramos, SL, solicitouse que polo técnico redactor do prego de prescricións técnicas se emitise informe sobre a coincidencia do obxecto social da empresa co obxecto do contrato.

O informe emitido polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz, en data 02/03/2022 conclúe tras facer un resumo das prestacións reguladas no prego de prescricións técnicas que “En relación a lo expuesto anteriormente, se concluye que las actividades objeto del contrato de “servicios de recogida y transporte de residuos sólidos urbanos y gestión del Punto Limpio en el Concello de Silleda” son inherentes, por su naturaleza, a la conservación y mantenimiento de los elementos, equipos, edificaciones e instalaciones que forman parte del citado contrato y durante la duración del mismo”

As actividades obxecto do contrato son inherentes, pola súa natureza, á conservación e mantemento dos elementos, equipos, edificacións e instalacións que forman parte do contrato, entendendo por “inherentes, pola súa natureza” que están de tal xeito unidas, que non se poden separar. Estase vinculando e facendo unha relación de complementariedade entre as prestacións do contrato e a necesidade de manter os equipos, edificacións ou instalación que a empresa precisa para prestar o servizo.

Parece que o técnico trata de trasladarnos que as actividades relacionadas no obxecto social da empresa, e que son: a “conservación e mantemento de obras, edificacións e instalacións de inmobles” son inseparables das prestacións de conservación e mantemento dos elementos, equipos, edificacións e instalacións que forman parte do citado contrato.

Examinado o obxecto social da empresa Construcciones Taboada y Ramos SL, este se centra na construción de vivendas, locais comerciais, obras públicas e promoción de edificacións, construcións en xeral, conservación e mantemento de obras, edificacións e instalacións de inmobles. Instalacións en xeral de: electricidade, telecomunicacións e instalacións radioléctricas.

Por outra banda o obxecto do contrato é: “o servizo de recollida e transporte dos Residuos Sólidos Urbanos: fracción resto, fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos, envases lixeiros, papel-cartón, recollida de enseres e plástico agrícola no Concello de Silleda, así como a xestión do punto limpo municipal”.

Segundo se relata no prego de prescricións técnicas o obxectivo do mesmo é tratar de buscar unha empresa especializada en tarefas de aseo urbano e recollida de residuos, por outra banda entre os CPV referidos no prego non se atopa ningún relativo a obras nin de construción nin de mantemento.

Na descrición que se fai no prego de prescricións técnicas das prestacións obxecto do contrato non se fai referencia algunha a obras de conservación ou mantemento, as prestacións obxecto do contrato céntranse exclusivamente nos servizos de recollida de residuos e de xestión do punto limpo. Diferente é que dentro das obrigas do adxudicatario estea a de conservar as súas propias instalacións en boas condicións de uso, pois esta conservación non se integra dentro das prestacións obxecto do contrato, senón que se trata de manter en bo estado os elementos que se precisan para executar cada unha das citadas prestacións.

Polo tanto, aínda entendendo que non é preciso que exista unha coincidencia literal entre o obxecto social da persoa xurídica e o obxecto do contrato, entendendo que a interpretación do artigo 66.1 LCSP debe facerse en sentido amplo, é dicir considerando que o que dito artigo establece é que as prestacións obxecto do contrato deben estar comprendidas entre os fins, obxecto e ámbito de actividade da empresa, non se pode entender que o mantemento dunha nave na que se van gardar os vehículos sexa unha das prestacións do contrato.”

Polo que a Mesa lle propón ao órgano de contratación declarala oferta da UTE GESECO – TABOADA Y RAMOS SL excluída do presente procedemento de contratación e proceder a requirirlle a mesma documentación ao licitador seguinte, polo orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Polo exposto, e en cumprimento do disposto no artigo 150 da LCSP, a Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, ditaminou con carácter previo á aceptación pola Xunta de Goberno Local como órgano de contratación no presente procedemento, a seguinte proposta formulada pola Mesa de Contratación:

Primeiro.- Declarar excluída do procedemento de licitación do “CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA” a oferta presentada pola UTE: S.A DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN, GESECO e CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. ao carecer de capacidade de obrar para a execución do contrato a empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L, polos motivos expostos polo interventor e a secretaria do Concello nas súas intervencións na Mesa de Contratación celebrada o día 08/03/2022 e que literalmente se transcriben.

Segundo.- Sendo a seguinte mellor oferta a presentada pola empresa SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U , de conformidade co establecido no artigo 157 da LCSP, propónse como adxudicataria do contrato de servizos denominado “CONTRATO DEL SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA”, á SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L.U, debéndose proceder a formular o preceptivo requirimento de documentación polo servizo técnico correspondente, con carácter previo a súa adxudicación no caso de que este sexa cumprimentado adecuadamente, todo elo de conformidade co disposto no parágrafo segundo do citado artigo 150 LCSP.

Expediente 138/2022. Solicitud de Devolución de Garantía

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data data 08.10.2021 con Rexistro de Entrada n.º 2021-E-RC-4016 preséntase escrito por María Teresa Bouzón Neira, en calidade de Administradora Concursal da entidade CLIMADEZA INSTALACIONES, S.L., con CIF n.º XXXXXX de solicitude de devolución da garantía definitiva desta última, para responder do contrato de suministro denominado TRAJIDA DE AUGAS DE SAN TIRSO, QUINTELA, ANDAMOLLO E VILAVERDE (PARROQUIA DE MANDUAS).

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que segundo o informe do arquitecto técnico municipal Lino Manuel Doporto Framil de data 09.03.2022 procede a devolución da garantía.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval n.º 0182000766316 do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., por importe de 1.164,14 €, constituído en data 07 de decembro de 2012 como garantía do correcto cumprimento do contrato de suministro denominado “TRAIDA DE AUGAS DE SAN TIRSO, QUINTELA, ANDAMOLLO E VILAVERDE (PARROQUIA DE MANDUAS)”.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 344/2020. Contratacións. CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SILLEDA. RESOLUCIÓN CONTRACTUAL.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 344/2020

Toma a palabra o Sr. Presidente, xustificando a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local cos seguintes motivos: o servizo obxecto de resolución é o servizo mais necesario que se presta no Concello, e a empresa que asumiu a súa xestión no se fai cargo das súas obrigas, entre as que destaca o incumprimento dos pagos salariais ás traballadoras, séguenos chegando novos embargos, e dado que non se pode seguir garantido o pago dos salarios dende o Concello faise máis urxente a necesidade da subrogación.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 17 de marzo de 2022.

Expediente 344/2020. Contratacións. CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SILLEDA. RESOLUCIÓN CONTRACTUAL.

ANTECEDENTES DE FEITO:

En data 16/12/2020 tivo lugar a formalización do contrato de servizos "AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA", celebrado entre o Concello de Silleda e a empresa Pedroso y Rojas SL, con CIFxxxxxx, adxudicado por acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión celebrada o día 30/10/2020, o que foi prorrogado por prazo dun ano por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión celebrada o día 04/10/2021.

Tras entrar en vigor a prórroga do contrato, ata o día 15/01/2022, preséntase escrito, en data 20 de xaneiro de 2022, por María Elena Uzal Baños, en nome e representación da empresa Pedroso y Rojas SL, no que comunica "a resolución do contrato administrativo do servizo de axuda no fogar poñendo a disposición do Concello toda a documentación da empresa necesaria para o cambio de todo o persoal, por resultar inviable economicamente a continuación da súa prestación dado o gran número de baixas laborais ás que ten que facer fronte, e ao incremento de gastos e salarios, provocando todo iso un desequilibrio económico na concesión administrativa.

O día 21 de xaneiro de 2022, a Alcaldía dita Providencia promovendo o inicio do expediente de resolución contractual, solicitando informe a esta Secretaría, así como informe de Intervención.

Consta novo escrito presentado, en data 21 de xaneiro de 2022, por María Elena Uzal Baños, no que indica que cesa na prestación do servizo o día 31/01/2022.

En data 24 de xaneiro, por Intervención se emite informe número 4/2022 no que informa sobre os aspectos concretos da procedencia de resolver por incumprimento culpable do contratista, e no mesmo sentido se pronuncia a secretaria do Concello emitindo informe número 12/2022, de data 24 de novembro.

En data 27/01/2022 por acordo da Xunta de Goberno Local, previo ditame da comisión informativa correspondente, incóase procedemento de resolución do contrato de “Servizo de Axuda a Domicilio” por incumprimento culpable do contratista Pedroso y Rojas SL, o que lle foi notificado en data 28/01/2022.

En data 24/01/2022, con RE 240, pola traballadora Luz Vilar Castro preséntase escrito de débedas, acompaña ao escrito documentación de demanda conciliatoria sobre recoñecemento de dereitos e cantidade contra a empresa adxudicataria do servizo.

En data 25/01/2022, con RE 271, por Antón Álvarez Merayo, con DNI número 34267617D, secretario da CIG para o Deza, preséntase escrito no que comunica a existencia de débedas ás traballadoras. A documentación que acompaña ao escrito é imprecisa e escasa.

En data 08/02/2022 (Re 96) por María Elena Uzal Baños, en representación de Pedroso y Rojas SL, presenta escrito de alegacións. A interesada aporta unha folla á que lle chama “conta de perdas e ganancias”.

En data 08/02/2022 emítese informe pola traballadora social do Concello, solicitado por acordo de incoación do expediente.

En data 14/02/2022 o interventor solicita a realización doutro informe por ser insuficiente o elaborado pola traballadora social e non responder as cuestións que se lle indicaban.

En data 17/02/2022 (RE 123; 132), pola empresa preséntase documentación necesaria para levar a cabo a subrogación.

En data 18/02/2022 pola Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Sanidade, Xuventude e Normalización lingüística, Ángela Troitiño Gil, responsable do servizo de Axuda no Fogar, emítese informe no que amplía, a solicitude da Intervención Municipal, o emitido pola traballadora social en data 08/02/2022.

En data 18/02/2022 (RE 135) pola empresa contratista preséntase escrito de cesión de crédito a favor das traballadoras para facer fronte ás débedas pendentes.

En data 18/02/2022 (RE 138) pola empresa preséntase escrito de conformidade coa resolución contractual por incumprimento culpable.

Consta emitido informe de Secretaría número 25/2022, de 16 de marzo, e informe de Intervención de data 17 de marzo de 2022 favorable á resolución contractual.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Resolución do contrato administrativo como prerrogativa da Administración.

Segundo o artigo 209 LCSP os contratos se extinguirán polo seu cumprimento ou resolución, acordada polo órgano de contratación, ao estar dentro das súas prerrogativas “acordala súa resolución e determinalos seus efectos” (artigo 190 LDSP).

No informe emitido por esta secretaria propúxose a incoación do procedemento de resolución contractual en base á causa de resolución contractual recollida no artigo 211.1, f) LCSP, esta causa é o incumprimento polo contratista da obrigación principal do contrato, sendo esta o propio obxecto do contrato que consiste na prestación do servizo de Axuda no Fogar, tal e como se describe no Prego de prescricións técnicas. Foi o propio contratista o que comunica ao Concello a súa decisión unilateral de non continuar coa prestación do servizo alegando ruptura do equilibrio económico do contrato.

No informe da Secretaría, previo a incoación, recollíase o seguinte: “Sen embargo, non consta presentado no Concello pola empresa adxudicataria ningún escrito no que se poña de manifesto a situación que agora alegan para xustificar a súa decisión de resolución unilateral, nin tampouco figuran no expediente informes do departamento responsable do servizo nos que se advirta un cambio das circunstancias que envolven a execución do contrato que faga inviable seguir prestando o servizo, pola contra si existe un informe da traballadora social, responsable do servizo, de data 21/09/2021, a través do que se promove a prórroga do contrato, e no que se expón o seguinte: “Resultando que o próximo día 15 de decembro de 2021 constitúe a data de finalización do contrato, e considerando que actualmente o mais prudente é manter a prestación do servizo, declárase pola técnica que subscribe adecuadamente xustificada a prórroga do contrato, tendo en conta que este Concello carece dos medios materiais e persoais para levar a cabo por si mesmo as prestacións obxecto do mesmo, e que se pode cualificar de correcta a xestión que se está levando a cabo pola empresa adxudicataria, debendo iniciarse en calquera caso o antes posible o novo procedemento de contratación para anticiparse ao remate de prórroga que neste expediente se acorde”. Acordada a súa prórroga en data 04/10/2021 e notificada a empresa en tempo e forma, esta non manifesta oposición algunha.

O contratista por medio dos seus escritos está trasladando ao Concello a súa decisión unilateral de deixar de prestar un servizo “esencial” dun xeito inmediato cando o contrato non remata ata o día 15/12/2022. Trátase dunha renuncia polo contratista ao contrato, e aínda non estando este suposto expresamente recollido no artigo 211 LCSP, sen embargo a xurisprudencia entende que dado que a renuncia do contratista a continuar prestando o servizo deriva nun incumprimento da obrigación principal do contrato, pódese considerar como unha causa de resolución por incumprimento culpable do contratista, ao provocar un incumprimento total e absoluto da prestación mesma (a totalidade do obxecto do contrato previsto no prego de cláusulas administrativas xerais e particulares). Así xa se manifestou, a Xunta Consultiva de

Contratación Administrativa no seu informe número 27/1999, 30 de junio de 1999: “A juicio de esta Junta Consultiva los términos en que aparece redactado el escrito de renuncia del adjudicatario no dejan duda de su intención de no ejecutar las obras, por imposibilidad de acometerlas se dice expresamente, por lo que, aunque no exista precepto expreso que configure la renuncia del contratista como causa de resolución debe entenderse que ello es debido, por aplicación de los principios generales de la contratación, a la consideración de la renuncia expresa como incumplimiento, no ya de los plazos de ejecución, sino de las obligaciones esenciales del contrato, entre las que con carácter principal figura la de ejecutar las obras objeto del contrato adjudicado”.

Sendo esta a liña seguida polos órganos xurisdicionais e consultivos dende o informe da XCC do Estado do ano 1999, e sendo clara a vontade de renuncia do contratista, por esta Secretaría infórmase que procede a resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista por incumprir a súa obrigación esencial de executar o contrato, non sendo posible obrigar a executar o contrato a quen non quere seguir obrigado nin manter o vínculo contractual.

Segundo.- Audiencia ao contratista.

Remitido o acordo de incoación da resolución por incumprimento culpable ao contratista, este presenta escrito no que pon de manifesto o seguinte:

“La resolución del contrato administrativo do servicio “Axuda no Fogar”, adjudicada a la entidad que represento por acuerdo del Pleno de la Corporación, adoptado en la sesión celebrada el día 30/10/2020, desde el día 28 de Febrero de 2022 no deriva de un incumplimiento culpable de esta entidad, sino de una imposibilidad económica manifiesta, tal y como se le ha venido exponiendo verbal y telefónicamente a ese Concello, sin que hasta la fecha se hubiera adoptado medida alguna que paliara tal situación.

En este sentido se aporta cuenta de pérdidas y ganancias con un resultado de -360.503,45

Tal situación ha derivado, como ya se ha reiterado ante ese Concello, del desequilibrio existente entre los gastos o costes del servicio y el importe abonado por el Concello, incrementado con las numerosas bajas laborales, muchas de ellas relacionadas con el Covid”.

Alégase por tanto que o desequilibrio do contrato é culpa do Concello, indicándose que esta situación xa se trasladou ao concello verbalmente e por teléfono.

Terceiro.- Ruptura do equilibrio económico do contrato como causa de resolución.

O contratista alega que a causa de resolución contractual é a ruptura do equilibrio económico do contrato o que acredita cunha folla denominada “perdas e ganancias PYMES” correspondente ao exercicio 2021, na que se pon de manifesto un resultado do exercicio de -360.503,45, e declarando un importe neto da cifra de negocios de 1.007.053,48.

A execución de todo contrato público está presidida polo principio de risco e ventura, e así o establece o artigo 197 da LCSP e se recolle na cláusula 39 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexe o presente contrato. Este principio básico da normativa contractual

esixe aos contratistas a dilixencia na súa xestión e lembra que hai unha marxe de incerteza en todo contrato.

A xurisprudencia apela tradicionalmente ao carácter aleatorio dos contratos, ao risco e ventura que ha de asumir o adxudicatario na execución dos contratos: «o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión risco como continxencia ou proximidade dun dano e ventura como palabra que expresa que unha cousa exponse á continxencia de que suceda un mal ou un ben» (STS do 27 de outubro de 2009 rec.763/2007;

“Fronte á lexitima aspiración de obter beneficios (o contratista) asumiu o risco de sufrir perdas como consecuencia de cálculos erróneos ou da aparición de inesperadas circunstancias incidentes na execución do contrato, porque estas son as consecuencias do carácter aleatorio deste tipo de relacións xurídicas” (STS de 6 maio 1988).

Así, todo contrato está suxeito ás diferentes incidencias propias dos negocios xurídicos como poden ser os conflitos laborais que alega o contratista ou o incremento dos custes nos que ten que incorrer para executar o contrato, como os incrementos salariais. Isto deixa entrever que o contratista descoñece que dentro do risco e ventura atópase a súa capacidade xestora, así como a súa maior ou menor dilixencia previsora e de organización dos seus recursos materiais e humanos.

Pola contra, de xeito repentino comunica a súa intención de non continuar coa prestación do servizo, alegando que no exercicio 2021 sufriu mais de 360.000 euros de perdas, debéndose destacar, que a pesar diso, mantívose no contrato e non evitou a prórroga do servizo que tivo lugar o día 16/12/2021. Un contratista dilixente e responsable cando ten evidencias de que o contrato non vai como espera, e sobre todo que se lle vai causar un dano aos usuarios do servizo, que neste caso son persoas vulnerables e dependentes, o primeiro que fai é comunicarlle ao concello a súa oposición á prórroga ante a imposibilidade de continuar coa prestación do servizo nas condicións económicas asumidas e ademais deberían facer coa antelación suficiente para poder iniciar os trámites para a nova licitación, o que evidentemente evitaría moitos dos danos e prexuízos que se van causar aos usuarios do servizo, se non se están causando xa, as traballadoras da empresa, e ao propio Concello, e que haberá que cuantificalos, tras a firmeza da presente resolución.

O que parecía buscar o contratista é que o propio servizo se converta nunha garantía de beneficio e o Concello nun seguro que cubra as posibles perdas económicas por parte de aquel, esquecéndose do principio de risco e ventura que rexe en tódolos contratos da Administración.

A maiores do exposto, o adxudicatario non pode acollerse á resolución contractual por ruptura do equilibrio económico do contrato cando este motivo soamente pode ser causa de resolución nos contratos de concesións de obras ou de servizos, e así se recolle nos artigos 270 e 290 da LCSP que regulan o principio de mantemento do equilibrio económico das concesións de obras e servizos respectivamente, non sendo este o caso.

Cuarto.- Oposición do contratista

De todo o exposto, mantense que a causa de resolución do presente contrato, é o incumprimento culpable do contratista do seu obxecto, ao trasladarlle ao concello a súa decisión unilateral e irrevogable de deixar de prestar o servizo.

Tras a audiencia concedida, o contratista presenta escrito alegando que a causa de resolución non se debe ao seu incumprimento culpable senón á ruptura do equilibrio económico do contrato é que tras poñelo en coñecemento do concello este non fixo nada por tratar de resolvela situación de crisis na que se atopaba.

O contratista non reaccionou a tempo ante as dificultades que se lle estaban presentando durante a prestación do servizo que tiña adxudicado, nin tampouco preveu as consecuencias que podían derivarse do desequilibrio económico que estaba sufrindo o contrato, e ao que non foi capaz de darlle unha solución, que non fora a de comunicar o abandono do servizo, o que pon de manifesto unha xestión do contrato irresponsable e negligente, pois como el mesmo indica o único que fixo para tratar de emendar a súa deficiente situación económica foi poñer en coñecemento do Concello a existencia de desequilibrios no contrato dun xeito verbal ou telefónico.

En data 18/02/2022 (RE 138) María Elena Uzal Baños, presenta de novo escrito no que asume que a resolución do contrato responde a unha responsabilidade única do contratista, aínda que mantén que se debe a motivos económicos, o que lle impide continuar a execución do obxecto do contrato.

Con este novo escrito, parece que o contratista está aceptando como causa de resolución do contrato o seu incumprimento culpable, o que nos permite continuar coa tramitación do procedemento de resolución do contrato sen necesidade de sometela proposta de resolución ao ditame do Consello Consultivo de Galicia, en virtude do exposto no artigo 191 LCSP, posto que non existe oposición do contratista á resolución do contrato.

Quinto.- Outros posibles incumprimentos por parte da empresa contratista que evidencian que o servizo a día de hoxe se presta pola vontade das traballadoras non pola intervención da empresa que xa abandonou o servizo.

No informe desta Secretaría á incoación deste procedemento informábase neste punto o seguinte:

“No primeiro escrito presentado pola empresa contratista expresamente se recolle que xunto co escrito “se acompaña listado de traballadores e listado de débedas á data actual”, ademais de indicar que o elevado incremento de gastos e salarios provocou o desequilibrio económico da concesión administrativa, aínda que non estamos ante unha concesión senón ante un contrato de servizos. En calquera caso, o escrito pode agochar problemas no pago dos salarios das persoas traballadoras, que neste contrato son o principal gasto da empresa.

Ante esta situación, creo que é necesario explicar que outra das causas de resolución contractual establecida na letra i do apartado 1º do artigo 211 LCSP, é o impago, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios

colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Sen embargo, a resolución do contrato pola falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estivesen a participar na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor só acordarase, con carácter xeral, a instancia dos representantes dos traballadores na empresa contratista; excepto cando os traballadores afectados pola falta de pagamento de salarios sexan traballadores nos que procedese a subrogación de conformidade co artigo 130 e o importe dos salarios debidos pola empresa contratista supere o 5 por cento do prezo de adjudicación do contrato, nese caso a resolución poderá ser acordada directamente polo órgano de contratación de oficio”.

Nese momento non quedou acreditada a existencia de débedas coas traballadoras, sen embargo dado que no seu escrito de comunicación de cese da prestación si parecía que estas débedas puidesen existir requiríuselle a través do acordo de incoación que presentase documentación que acreditase “que está ao corrente no cumprimento das súas obrigacións salariais coas traballadoras asignadas ao servizo que está prestando no Concello de Silleda”.

En data 18/02/2022 (RE 135) a empresa da traslado ao Concello dun escrito de cesión de créditos no que se enumeran as cantidades, en concepto de salarios, que se endebedan ao persoal.

O artigo 211.2 LCSP establece que: “nos casos nos que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse a que aparecese con prioridade no tempo”.

A primeira causa da que esta Administración tivo coñecemento foi o incumprimento da obrigación principal do contrato polo contratista mediante a comunicación de cesación do servizo. Polo tanto, mantense esta como causa de resolución con independencia de que teñamos en conta o impago dos salarios durante a execución do contrato como causa de resolución a efectos de valorar as consecuencias económicas da extinción.

Sexto.- Órgano competente para acordar a prórroga.

A competencia para acordar a resolución do contrato e determinar os seus efectos corresponde ao órgano de contratación, de acordo cos artigos 190 e 212 da LCSP e 109 do RGLCAP.

Sétimo: Incautación da garantía e indemnización de danos e prexuízos.

O acordo de resolución deberá conter pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, fose constituída, por ser este un dos seus efectos e así o dispón o artigo 213.3 LCSP: “Cando o contrato resolvase por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada”.

Debendo poñerse este artigo en relación co artigo 113 do RGLCAP que dispón que “Nos casos

de resolución por incumprimento culpable do contratista, a determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar este levará a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e aos maiores gastos que ocasione á Administración".

Segundo doutrina do Tribunal Supremo (TS, Sala Tercera, de lo Contencioso-administrativo, Sección 4ª, S 1277/2019, 30 Sep. 2019 (Rec. 3556/2017)) que a incautación é automática sen necesidade de avaliar os danos e prexuízos causados. Incáutanse a garantía en todo caso e, si se valoran os danos e estes resultan superiores ao seu importe, o contratista incumplidor deberá abonar la diferencia.

Oitavo.- Declaración da prohibición de contratar.

Deberase igualmente, unha vez resolto o procedemento de resolución contractual, iniciar o procedemento para a declaración de prohibición de contratar regulado no artigo 72 LCSP, por incorrer na prohibición recollida no artigo 71.2 d): Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado cunha entidade das comprendidas no artigo 3 da presente Lei. A prohibición alcanzará ás empresas cuxo contrato houbera quedado resolto por incumprimento culpable do contratista das obrigacións que os pregos houberen cualificados como esenciais de acordo co previsto no artigo 211.1. f).

Noveno.- Continuidade do servizo por empresa contratista ou subrogación do servizo.

Como se puxo de manifesto no informe desta Secretaría á incoación do procedemento de resolución: "Deberase ter en conta que a LCSP no seu artigo 213, cando regula os efectos da resolución contractual, establece que no caso de que a causa de resolución sexa unha das establecidas nas letras b), d), f) e g) do apartado 1 do artigo 211, como é o caso, ao tempo de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato poderá iniciarse o procedemento para a adxudicación do novo contrato, aínda que a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos.

Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado. A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

Cando o contratista non poida garantir as medidas indispensables establecidas no parágrafo anterior, a Administración poderá intervir garantindo a realización de ditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro.

No caso de que a Administración Pública decida prestar directamente un servizo que ata a data viña sendo prestado por un operador económico, virá obrigada á subrogación do persoal que o

prestaba se así o establece unha norma legal, un convenio colectivo ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral. Neste caso, o convenio colectivo establece a obrigaón de subrogar ao persoal.

Neste caso deberase ter en conta o informe de Intervención 4/2022 no que se conclúe que os servizos xerais do Concello de Silleda carecen dos medios humanos para asumir a xestión dun incremento de plantilla de máis dun 50%”.

En calquera caso, por esta secretaria se informa que a decisión de como prestar un servizo entra dentro da esfera de organización pública, allea polo tanto, á normativa de contratación pública, aínda que, obviamente, deberá respectar as esixencias formais propias a toda potestade discrecional e ter como principal obxectivo a satisfacción do interese xeral.

No caso de prestar o servizo directamente polo Concello, deberase ter en conta o disposto no artigo 85 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Bases do Réxime Local, que establece que para a elección da forma de xestión dos servizos públicos de competencia local terase en conta a a máis sostible e eficiente de entre as posibles, polo que para poder fundamentar esa decisión deberase incorporar, como mínimo, e se prexuízo do informado durante a tramitación do expediente, a realización dun estudo comparativo entre tódalas posibilidades, en termos de eficiencia e sostibilidade, calidade e prezo.

En calquera caso, resulta conveniente para non prexudicar aos usuarios do servizo de axuda a domicilio que calquera das solucións que se vaian a adoptar estean clarificadas con carácter previo a resolución do presente contrato para evitar a suspensión do servizo.

Visto cando antecede, e baseándome no informe de Intervención e de Secretaría incorporados como motivación do presente acordo, someto directamente, polo seu carácter urxente, e sen obter o previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Resolver o contrato de servizos denominado Servizo de Axuda no Fogar, por incumprimento culpable do contratista, conforme ao disposto no artigo 211.1, f) LCSP “incumprimento da obrigaón principal do contrato”.

A eficacia deste acordo quedará demorada ao día 31 de marzo de 2022, en virtude do disposto no artigo 39 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por ser necesario facer coincidir a resolución contractual coa subrogación do persoal por parte deste concello.

SEGUNDO.- Proceder a incautación da garantía constituída mediante ingreso en conta, en data 04-10-2020, por importe de 31.867,40 euros, por quedar acreditada a concorrencia de causa de resolución imputable ao contratista, segundo o disposto no artigo 213.3 LCSP: “Cando o contrato resólvese por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada”.

TERCEIRO.- Procederase segundo establece o artigo 113 do RGLCAP á determinación, polo órgano de contratación, dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista á Administración unha vez o contrato sexa resolto por incumprimento culpable do contratista, en decisión motivada e previa audiencia ao contratista. Terase en conta no cálculo dos danos e prexuízos os causados pola empresa como consecuencia do incumprimento no pago dos salarios.

CUARTO.- Conceder a empresa contratista un prazo de 5 días hábiles para que presente por sede electrónica a documentación que se estableza na normativa de aplicación como necesaria para proceder por este Concello á subrogación dos/das traballadoras que están prestando os seus servizos no ámbito do citado contrato.

Expediente 347/2022. Procedemento Xenérico. XLVII Certame de Narracións Breves “Premio Modesto R. Figueiredo”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 347/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local, motivada na entrega dos premios o domingo, 20 de marzo de 2022.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 17 de marzo de 2022.

Expediente 347/2022. Procedemento Xenérico. XLVII Certame de Narracións Breves “Premio Modesto R. Figueiredo”.

Vista a proposta da Fundación Pedrón de Ouro para que o Concello de Silleda participe no XLVII Certame de Narracións Breves “Premio Modesto R. Figueiredo”

Vistas as bases propostas pola citada entidade e aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 10 de marzo de 2022

Vista a impronta que supón para o Concello de Silleda a participación neste tipo de certames literarios, cunha nómina de autoras e autores gañadores dende o nacemento desta iniciativa no ano 1975, e visto que a entrega de premios está previsto celebrarse en Silleda

Vistas as bases do certame que se transcriben a continuación:

BASES XLVII CERTAME GALEGO DE NARRACIÓNS BREVES“ PREMIO MODESTO R. FIGUEIREDO”

1.FINALIDADE DO PREMIO

A Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, coa colaboración do Concello de SILLEDA organiza o Certame Nacional Galego de Narracións Breves baixo o nome de "Premio Modesto R. Figueiredo". Este certame ten a finalidade de promover a literatura narrativa en lingua galega e homenaxear ao seu artellador, o avogado pontevedrés Modesto R. Figueiredo.

2.REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar tod@s @s autor@s de calquera nacionalidade, con unha ou máis obras, sempre que estean escritas en lingua galega, sexan inéditas e que non se presentasen antes a ningún outro certame literario.

3.TRABALLOS QUE SE PODEN PRESENTAR

Os traballos deben ter un mínimo de cinco e un máximo de trinta páxinas mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara en follas de tamaño DIN-A4. Non obstante, o Xurado poderá reconsiderar esta base se enténdese que a temática ou desenvolvemento lóxico do argumento o precisasen.

4.TEMPO E MODO DE PRESENTACIÓN

As persoas que participen deberán enviar os seus traballos por quintuplicado sen remite, ou outra forma de identificación, antes do 20 DE NOVIEMBRE de 2021 a algún destes enderezos:

FUNDACIÓN DO PADROADO DO PEDRÓN DE OURO

Premio Narracións Curtas do Pedrón de Ouro
Apdo. de Correos, 627. Santiago de Compostela
* * * * *

Premio Narracións Curtas do Pedrón de Ouro CONCELLO DE SILLEDA
Rúa do Trasdeza 55 36540 Silleda (Pontevedra)

Para a identificación das persoas premiadas ou para aquelas autoras ou aqueles autores de obras que o Xurado considere apropiadas para publicar, todos os traballos deberán engadir un sobre pechado, cos seus datos (nome, apelidos, enderezo, teléfono ou correo electrónico) e tamén o currículum vitae de o considerar oportuno. No exterior do sobre só aparecerá o título ou lema da obra.

(***) Con respecto aos traballos que o Xurado considere merecentes de publicación poderán abrirse as plicas correspondentes para poñerse en contacto cos autores e autoras para que dean o consentimento para publicalos.

5.PREMIOS

A obra gañadora será premiada con 1000€ (suxeito ás obrigadas retencións fiscais). Porén, se o Xurado considera de calidade outras obras, dúas delas máis poderán obter segundos premios que serán de 400 € cada unha (e asemade tamén suxeitos ás obrigadas retencións

fiscais) . Ademais, o Xurado poderá recomendar a publicación daqueles traballos que así o considere (aínda, que non contarán con premio económico).

(***) En todo caso, a publicación destas obras soamente será posíbel co consentimento das súas autoras ou dos seus autores.

6.XURADO E DECISIÓN

O Xurado estará composto por especialistas en crítica literaria designados pola Fundación do Pedrón de Ouro co asesoramento e colaboración das Asociacións (AELG , PEN CLUBE DE ESCRITORES DE GALICIA, ASOCIACIÓN GALEGA DA CRÍTICA (AGC)) e a do Concello de SILLEDA. A Fundación do Pedrón de Ouro reservarase na composición do xurado os postos de presidente/a, e secretario/a (este/a último/a con voz, pero sen voto).

(***) Se a calidade literaria das obras non fose estimábel, segundo o criterio do Xurado, o premio poderá declararse deserto.

O Xurado reunirse na segunda quincena do mes de decembro e dará a coñecer a obra ou obras premiadas coa apertura de plicas diante dos medios de comunicación. Finalmente, ao remate da decisión do Xurado o/a secretario/a redactará a acta que asinarán todos os membros deste.

7.ENTREGA DE PREMIOS

Os premios que obteñan as obras seleccionadas entregaranse nun acto organizado polo Concello de SILLEDA en día e data que se dará a coñecer oportunamente.

Os/as autores/as premiados/as terán que recoller persoalmente os seus galardóns.

8.OBXECCIÓNS E NORMAS DE INTERESE

A Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro reservarase o dereito exclusivo de publicar as obras premiadas na súa primeira edición. O/a autor/a ou autores/as, ao aceptaren estas bases, renuncian voluntariamente aos seus dereitos en favor da Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro.

A partir da seguinte edición, as obras son da total propiedade das súas autoras e autores, os/as cales terán a obriga de facer constar que a obra foi premiada no Premio Modesto R. Figueiredo da Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro. As obras non premiadas seranlles devoltas aos seus autores e ás súas autoras se as requiren antes de rematar o mes seguinte á decisión do Xurado. Se ninguén as require, serán destruídas.

A Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro é a única entidade con capacidade para decidir en última instancia calquera dúbida que puidese suscitar a interpretación das bases deste certame.

O feito de concursar xa obriga ás autoras e aos autores a aceptar as presentes bases deste Certame.

Silleda (PO), xullo 2021, mes da Patria, ano de Xela Arias.

Vista a acta do xurado do certame de data 22 de xaneiro de 2022 que a continuación se transcribe:

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DA XLVII EDICIÓN (MMXXI) DO PREMIO DE NARRACIÓNS CURTAS MODESTO RODRÍGUEZ FIGUEIREDO, ORGANIZADO POLA FUNDACIÓN PADROADO PEDRÓN DE OURO E POLO CONCELLO DE SILLEDA

REUNIDOS OS SEUS MEMBROS O 22 DE XANEIRO DE 2022 NA CASA DO CONCELLO DE SILLEDA E QUE OS MEMBROS DE SEGUIDO SE NOMEAN:

DON XOSÉ RAMÓN FANDIÑO VEIGA, PRESIDENTE (PRESIDENTE DO PEDRÓN DE OURO)

DONA TEREIXA PÉREZ TILVE (EN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA)

DON XOSÉ MANUEL EIRÉ (EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN GALEGA DA CRÍTICA LITERARIA)

DON RUBÉN EIRÉ (EN REPRESENTACIÓN DO PEN CLUBE DE ESCRITORES E ESCRITORAS DE GALICIA)

DON AGUSTÍN AGRA (EN REPRESENTACIÓN DA ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA)

DON ADOLFO CAAMAÑO (EN REPRESENTACIÓN DA FUNDACIÓN PADROADO PEDRÓN DE OURO)

DON E. DAVID OTERO FERNÁNDEZ, SECRETARIO (SECRETARIO DO PEDRÓN DE OURO)

E QUE ACORDAN:

1. Conceder o PREMIO MODESTO RODRÍGUEZ FIGUEIREDO DESTA XLVII EDICIÓN cunha dotación económica de mil euros (1000€) suxeito ás disposicións legais fiscais oportunas, á narración presentada co título “ Paseniño..., a desmemoria” que logo de aberta a plica correspondente resultou ser da autoría de NONES ARAUJO de Vigo.

2. Conceder dous ACCESES , cadanseu dotado dunha contía económica de catrocentos euros (400€), suxeitos ambos ás disposicións legais fiscais oportunas, ás dúas narracións presentadas cos títulos.” A PÉRFIDA GRINGA” e “ O FADO DAS MARAFONAS”, os cales, logo abertas as correspondentes plicas, resultaron ser da autoría, o primeiro de MARIÑA PÉREZ REI de Santiago de Compostela e o segundo de XOSÉ LOIS RÚA NÚÑEZ, de Ourense.

3. O ACTO DE ENTREGA DESTES PREMIOS farase en data e lugar que dispoña o Concello de Silleda e que fará público portunamente.

4. Os Membros do Xurado, representantes do Pedrón de Ouro e do Concello de Silleda, queren manifestar o seu agradecemento polas atencións recibidas e a significativa sensibilidade que se mantivo no desenvolvemento deste Acto de Reunión do Xurado, así como no decorrer do andar desta XLVII EDICIÓN DO PREMIO MODESTO RODRÍGUEZ FIGUEIREDO.

Non habendo máis asuntos que tratar dáse por finalizada esta Reunión, sendo as catorce horas do XXII de xaneiro de MMXXII (Ano de Florencio Delgado Gurriarán).

E para constancia e saber, asino, como SECRETARIO, esta ACTA, co Visto e Prace do Sr Presidente da FUNDACIÓN DO PADROADO PEDRÓN DE OURO.

O SECRETARIO

Asdo.E.David Otero Fernández

O PRESIDENTE

Asdo.X.Ramón Fandiño Veiga

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO: outorgar ás persoas premiadas na edición do certame deste ano (Dolores Araújo, Mariña Pérez Rei e Xosé Lois Rúa Núñez) os premios anteriormente reseñados, con cargo á partida 334.480 de subvencións, becas e premios, do orzamento municipal para o exercicio de 2022, cun total de 1.800 euros.

SEGUNDO: Comunicar dito acordo aos servizos municipais de Intervención e á Fundación Pedrón de Ouro.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE